



**BORRADOR  
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
19 DE XULLO DE 2017**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

D. Manuel Santos Costa

**Concelleiros/as presentes:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Cristina Acuña González

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Antonia Sanmartín García

D. Antonio Traba Miñones

D. Pablo Novas Caballero

D. Francisco J. Estévez Salazar

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José de Pazo Allariz

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. Paula Costas Romero.

**Ausente:** D<sup>a</sup> María Ramallo Vazquez

Na Vila de Marín e na súa Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día **19 de xullo de 2017**, baixo a presidencia do tentente de alcalde, don Manuel Santos Costa, reúnense os concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar a **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

**1.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior, celebrada o 12 de xullo de 2017.**

Sometido a votación o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2017 e, ao non formularse observacións á mesma, resulta aprobada por unanimidade e sen rectificación algunha.

**2.- Urbanismo.**

**Expte.: 67/17 L.U.- DNA. VALENTINA PUGA ROSENDO– Proxecto de construción de muro de contención de terras e defensa de cauce, no lugar de Inferniño, Marín.**

Considerando que con data de 03/03/17, tiña entrada no Concello solicitude de licenza de obras presentada por Dna. Valentina Puga Rosendo para a construción dun muro de contención de terras e defensa de cauce de 36,68 m de lonxitude e 1,1m de altura de grandes bloques de pedra granítica no Inferniño, ademais da instalación dunha pasarela de losa alveolar de 4,00 m de lonxitude e 1,20 m de ancho para curzar o río.

Sometido a informe xurídico este emítese en data de 18/07/17 do seguinte tenor literal:

*"(...) Sometido a informe da arquitecta municipal de 14/07/17 resulta que:*

*"(...) Segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Marín (PXOM), aprobado definitivamente o 27.06.2012, e publicado no BOP n.º 198 do 15.10.2012 o solo está clasificado como Solo urbanizable delimitado S.U.D. R.2.*

*Sendo de aplicación o artigo 289 sobre o réxime transitorio neste tipo de solo.*

*"ART. 289. RÉXIME TRANSITORIO*

*En tanto non se executen as correspondentes obras de urbanización, as condicións para edificar ou levantar outras instalacións no Solo Urbanizábel Delimitado son as expresadas no artigo 102 da LOUGA.*

*As obras e actuacións que supoñan un incremento do valor dos predios, como valados, plantacións non de tempada, etc. necesitarán licenza previa e non serán obxecto de indemnización. Así mesmo poderase denegar a licenza a calquera actuación que poida dificultar a execución dos plans, como movemento de terras, tendidos de conducións, etc.*

*Considéranse suspendidas as licenzas de parcelación.*

*Nas edificacións que pola entrada en vigor do presente Plan xeral de ordenación municipal queden Fóra de Ordenación pola total incompatibilidade coas determinacións*



da nova planificación, só se poderán autorizar obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.”

O artigo 102 da LOUGA, agora o artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

“Artigo 89. Usos e obras provisionais

1. Malia a obrigatoriedade da observancia dos plans, poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial.

2. Os usos e obras provisionais deberán cesar e derrubarse cando o acordase o concello, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no rexistro da propiedade.

As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais os residenciais nin os industriais.”

As obras propostas para a construción dun muro de contención de terras e defensa de cauce de 36,68 m de lonxitude e 1,1 m de altura de grandes bloques de pedra granítica no Inferniño, instalando unha pasarela de losa alveolar de 4,00 m de lonxitude e 1,20 m de ancho para cruzar o río non poden entenderse como de carácter provisional, e polo tanto informase DESFAVORABLEMENTE (...).“

Toda licenza urbanística constitúe un acto administrativo de carácter reglado, a través do cal se autoriza, ou denega no seu caso, unha determinada actuación, tras comprobar e controlar que se axusta **enteiramente ó ordeamento xurídico aplicable** ( nesta liña a Sentenza do Tribunal Supremo. Sala do Contencioso, STS 5820/1999, nº de recurso 763/1992).

As licenzas de obras deben outorgarse de acordo co establecido na lexislación urbanística e de conformidade co Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Marín (PXOM), aprobado definitivamente o 27/06/12 e publicado no BOP nº 198 do 15/10/12, por canto se trata dunha actividade municipal regrada e sempre de conformidade coa normativa vixente no momento da súa concesión por acto expreso ou silencio administrativo.

Segundo o tenor do art. 357.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, " As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran".

No suposto en cuestión, tal e como se reflexa no informe da arquitecta municipal de 14/07/17 "As obras propostas para a construción dun muro de contención de terras e defensa de cauce de 36,68 m de lonxitude e 1,1 m de altura de grandes bloques de pedra granítica no Inferniño, instalando unha pasarela de losa alveolar de 4,00 m de lonxitude e 1,20 m de ancho para cruzar o río non poden entenderse como de carácter provisional" e polo tanto non son posibles por canto se ubican en solo urbano urbanizable delimitado S.U.D.R.2.

En consecuencia, á vista do anteriormente exposto, procede denegar a licenza solicitada (...).“

En consecuencia, e á vista do establecido polo art. 357.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, visto o informe xurídico de 05/01/17, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015) por unanimidade, **ACORDA:**

**DENEGAR** a licenza para a construción dun muro de contención de terras e defensa de cauce de 36,68 m de lonxitude e 1,1m de altura de grandes bloques de pedra granítica no Inferniño, ademais da instalación dunha pasarela de losa alveolar de 4,00 m de lonxitude e 1,20 m de ancho para cruzar o río, dados os argumentos anteriormente expostos.

### 3.- Contratación.

**Expte.: 173/16.- Aprobación do proxecto de “REFORMAS NO GRUPO DE PRESIÓN DO DEPOSITO DE CADRELO, PARA A MELLORA NO ABASTECIMENTO Á PARTE ALTA E MEDIA DO LUGAR CADRELO”.**



Este concello pretende levar a cabo o proxecto denominado “REFORMAS NO GRUPO DE PRESIÓN DO DEPÓSITO DE CADRELO, PARA A MELLORA NO ABASTECIMENTO Á PARTE ALTA E MEDIA DO LUGAR CADRELO”, redactado polo enxeñeiro industrial D. Fernando Guitián Guitián, en febreiro de 2016, que define e valora as obras a executar.

O proxecto propón aumentar as prestacións do grupo de presión, dimensionándoo adecuadamente para cubrir o subministro da parte alta do lugar de Cadrelo e o apoio puntual a parte media do lugar de Cadrelo.

As actuacións realizaránse no interior do depósito existente, e consistirán na instalación dun novo grupo de presión cun caudal de 15,08 m<sup>3</sup>/h, un acumulador hidroneumático de 1.400 litros, sistema de control do grupo de bombeo, coas instalacións necesarias, e a instalación dun by-pass, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro industrial Fernando Guitián Guitián visado en data 17 de febreiro de 2016.

Con data 13 de marzo de 2017 (Rex. Entrada nº. 2.898), presentouse no Rexistro Xeral do Concello de Marín o proxecto técnico da citada obra, cuxo presuposto total, con IVE, ascende a 59.993,47 euros.

Posteriormente, dito proxecto foi sometido á supervisión dos técnicos municipais.

Con data 29 de abril de 2016, emítase informe de viabilidade urbanística pola arquitecta municipal, en sentido favorable ao proxecto, segundo o cal: “(...) o solo no que se realizarán as obras é **Solo rústico especialmente protexido: a rede de abastecemento, S.X.-47** (...) estaríamos ante un proxecto de obras municipais de conservación e mantemento e non ante un proxecto de urbanización, polo que *non é necesario expoñer o proxecto ao público* (...) o proxecto comprende os apartados mencionados no art. 123 do TRLCSP. A actuación que se pretende ten a consideración de obra completa susceptible de ser entregada ao uso público segundo o artigo 86 do TRLCSP. (...) Non existen servidumes nin elementos catalogados que afecten a instalación proxectada (...) **CONCLUSIÓN:** As actuacións proxectadas son compatibles co planeamento urbanístico vixente, quedando pendente de:

1. A supervisión do proxecto por parte do arquitecto técnico municipal D. Iván Rivas Pallares (...).”

Con data 14 de marzo de 2017, emítase informe de supervisión favorable polo arquitecto técnico municipal, onde se indica: “(...) A xuízo do técnico que suscribe, o proxecto de “REFORMAS NO GRUPO DE PRESIÓN DO DEPÓSITO DE CADRELO, PARA A MELLORA NO ABASTECIMENTO Á PARTE ALTA E MEDIA DO LUGAR CADRELO”, asinado polo Enxeñeiro Industrial D. Fernando Guitián Guitián en data de febreiro 2016, axústase as condicións requeridas ó respecto na Lei 3/2011, e, polo que, resulta suficiente para a definición, valoración e execución das obras nel proxectadas, polo que **se informa favorablemente ó devandito proxecto en relación coa súa viabilidade como obra completa, susceptible de entrar en servizo a súa finalización** (...).”

Atendendo ao informado polos técnicos municipais, está acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable, así como do planeamento en vigor, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación conferida por resolución da alcaldía de 16/06/2015, (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.** Aprobar o proxecto técnico denominado “REFORMAS NO GRUPO DE PRESIÓN DO DEPÓSITO DO CADRELO, PARA A MELLORA NO ABASTECIMENTO Á PARTE ALTA E MEDIA DO LUGAR CADRELO”, redactado polo enxeñeiro industrial Fernando Guitián Guitián, con data febreiro 2016, cun presuposto, sen IVE, por importe de 49.581,38 euros.

**Segundo.** Que o referido documento técnico se incorpore ao expediente de contratación das obras descritas.

**Terceiro.** Declarar que, de conformidade coa documentación e informes técnicos obrantes no expediente, quedou acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable, así como como do plan en vigor, nos termos esixidos no artigo 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



**Cuarto.** Os terreos precisos están dispoñibles para a normal execución das obras e non son necesarias licenzas, autorizacións nin concesións administrativas para levar a cabo o proxecto, ao non existen servidumes nin elementos catalogados que afecten a instalación proxectada.

**Quinto.** Convocar ao redactor do proxecto para que, en cumprimento do disposto no artigo 126 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, proceda ao seu replanteo e expida a correspondente acta para a súa incorporación ao expediente de obras de referencia.

#### **4.- Subvencións.**

**Expte.: 61/17.- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Dación de contas da adxudicación das bolsas do Plan de Prácticas Laboral na Deputación e nos Concellos da Provincia de Pontevedra 2017.**

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, do 16 de xuño de 2017, polo que se adxudicaron as bolsas do Plan de práctica laboral na Deputación e en Concellos da Provincia de Pontevedra 2017, ós aspirante que se relacionan no Anexo I por número de expediente, titulación, importe e centro de destino, con efectos a partir do 19 de xuño de 2017, do 1 de xuño e do 1 de xullo de 2016, e por un período de 6 meses, podendo ser prorrogadas por outros 6 meses, por acordo da Xunta de Goberno, cumprindo o disposto na cláusula décima das bases e sempre que exista dotación orzamentaria.

Dito anexo é como segue:

#### **PLAN DE PRÁCTICAS LABORAL NA DEPUTACIÓN E CONCELLO 2017**

##### Anexo I

Nº	EXP	Titulación	Destino	Nome	1º Apelido	2ª Apelido	Data de Efectos	Importe
17 7	2017C063	Diplomada /Grado en Relacións Laborais / Relacións Laborais e Recursos Humanos	Concello de Marín	Jacobo	Villar	Pombo	19/06/2017	800 €/mes
10 3	2017C087	Grado en Dereito/Licenciatura en Dereito	Concello de Marín	Margarita	Lorenzo	Lema	19/06/2017	800 €/mes
57	2017C002	Ciclo superior en Administración e finanzas	Concello de Marín	Iria	Fernández	García	19/06/2017	700 €/mes
9	2017C002	Ciclo superior en Administración e finanzas	Concello de Marín	Laura	Alonso	Iglesias	19/06/2017	700 €/mes

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**Expte.: 176/17.- CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL. Dación de contas da notificación da autorización de uso temporal da instalación “Campamento xuvenil Pontemariil-Forcarei”.**

Dáse de conta da resolución da xefatura territorial da Consellería de Política Social, de data 11 de xullo de 2017, por medio da cal se autoriza ao concello de Marín o uso temporal da instalación “Campamento xuvenil Pontemariil – Forcarei” durante a campaña de Verán 2017, durante o período do 17/08/2017 ó 28/08/2017, de acordo coas condicións particulares de uso aceptadas polo concello en documento asinado o 11 de xullo de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**Expte.: 327/17.- MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA. Dación de contas da Orden HFP/633/2017, 28 de xuño, pola que se aproban os modelos de poderes inscribibles no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración Xeral do Estado e no rexistro electrónico de poderes das Entidades Locais e se establecen os sistema de firma válidos para realizalos poderes apud acta a través de medio electrónicos.**

Dáse conta da Orden HFP/633/2017, 28 de xuño, publicada no BOE Núm. 158, de 4 de xullo de 2017, pola que se aproban os modelos de poderes inscribibles no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración Xeral do Estado e no rexistro electrónico de poderes das Entidades Locais e se establecen os sistema de firma válidos para realizalos poderes apud acta a través de medio electrónicos.



A Xunta de Goberno Local queda informada.

**URXENCIA:** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

**Expte.: 632/15 (A) e 32/17- Aprobación do proxecto de “MELLORA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DA RÚA INFERNIÑO”.**

Este concello pretende levar a cabo o proxecto denominado “Mellora e renovación do alumeado público exterior da rúa Inferniño”, con cargo á subvención solicitada ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016, para a liña en concurrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, para o exercicio 2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta.

Para elo, o concello encargou a redacción do proxecto que define e valora as obras a executar á empresa IDOM, que presenta dito documento técnico, asinado polo enxeñeiro industrial, Javier Regueiro Miguéns, en maio de 2016.

O proxecto propón a renovación e mellora do alumeado público exterior da rúa Inferniño, e a ampliación da rede ata o cemiterio, renovando os compoñentes e adaptándoos a nova normativa e mellorando a súa eficiencia enerxética.

Logo de completarse o proxecto, coa documentación complementaria achegada en datas 06/06/2016 (Rex. Entrada nº. 6.401) e 12/08/2016 (Rex. Entrada nº. 9.228), en cumprimento do requirido no informe técnico de data 13/06/2016, este foi informado favorablemente pola arquitecto municipal, en data 23/08/2016, constatándose o seguinte: “(...) *A nivel urbanístico a actuación resulta viable, quedando pendente de:*

- 1.- *A supervisión do proxecto por parte do arquitecto técnico municipal.*
- 2.- *Autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*
- 3.- *Respecto da zona de desbroce e tala de árbores será preciso contar coa autorización dos propietarios das parcelas e coa identificación da especies a talar (...).*”

Dado que as actuacións proxectadas localízanse no contorno do edificio catalogado E12, a obra conta coa preceptiva autorización previa da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 3 marzo de 2017, “(...) *coa condición, que se minimice a afección desta instalación sobre o elemento catalogado:*

- *Deberase eliminar o cableado eléctrico aéreo que discorre pola fachada do elemento protexido, soterrándoo cando menos neste tramo.*
- *Buscarse outra posición para os CPM, de xeito que non se apoiem na fachada lateral do centro de preescolar, podendo desprazarse cara o muro de peche do espazo traseiro do centro de preescolar.(..)*”

Con data 28 de marzo de 2017, emítese informe de supervisión favorable polo arquitecto técnico municipal, onde se fai constar que:

“(...) 1º.- *El objeto del proyecto es la renovación parcial de instalaciones de alumbrado existentes, así como la instalación de un tramo, contemplado la sustitución y colocación de brazo, apoyos y luminarias, suponiendo el mayor importe de ejecución material las paridas correspondiente a ejecución de nuevo cableado, apoyos y puesta tierra, por lo que, a juicio de este técnico, el contrato ha de calificarse como contrato de obras.*

2º.- *No se prevé la afección de las redes municipales más allá de la propia renovación de la red alumbrado objeto de la intervención, siendo precisa la supervisión de la dirección de obra para la correcta conexión de la red existente no renovada.*

3º.- *Se observa que el contenido formal y documental de Proyecto se ajusta a lo establecido para el caso en el artículo 123 de la Ley 3/2011, de contratos del sector público, siendo, a juicio del técnico que suscribe, suficiente para la valoración y ejecución de las obras proyectadas, siendo asimismo obra completa susceptible de entrar en servicio a su remate.(..)*”

Respecto da zona de desbroce e tala de árbores, no expediente consta informe emitido polo arquitecto técnico municipal, de data 18 de xullo de 2017, no que conclúe:

“(...) 1º *Na visita efectuada o día 14 de xullo de 2017, comprobouse a tala recente no entorno do vial, de xeito que non se produce interferencia coa obra proxectadas das parcelas con referencias*



catastrais 36026A005001570000LB, 36026A005001580000LY, 36026A005001590000LG e 36026A005001600000LB.

Así mesmo, tampouco se observa a presenza de arborado que afecte á obra na parcela con referencia catastral 36026A005001380000LK.

Finalmente, para as outras dúas parcelas identificadas no informe do técnico redactor do proxecto de data 8 de maio de 2017 para o derrame, obsérvase que éste non é preciso, posto que se pode evitar con un leve cambio de traza da liña aérea que non require, a xuízo deste técnico, de modificación do proxecto.

2º.- En consecuencia, considérase que no momento presente non é necesario proceder á tala ou desbroce para a execución do proxecto denominado "Mellora e renovación do alumeadado público exterior rúa Inferniño", proxecto firmado polo enxeñeiro industrial Javier Requeira Miguéns, con data xaneiro de 2016, completado pola versión do mes de data maio de 2016 e a documentación sobre as parcela afectadas de data 8 de maio de 2017(...).".

Atendendo ao informado polos técnicos municipais, está acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable, así como do planeamento en vigor, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto nos artigos 21.1 letra o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, art. 121 e a disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno, en uso da delegación conferida por resolución de Alcaldía do 15/06/2015 (BOP nº 142 de 26/07/2015), por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto técnico denominado "MELLORA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DA RÚA INFERNIÑO", asinado polo enxeñeiro industrial da empresa IDOM, Javier Requeira Miguéns, datado en maio de 2016, xunto coa documentación complementaria achegada en datas 06/06/2016 e 12/08/2016, cun orzamento base de licitación, sen IVE, de 31.914,71 euros, para a súa execución con cargo á subvención solicitada ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016, para a liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, para o exercicio 2017.

**SEGUNDO.** Que o referido documento técnico se incorpore ao expediente de contratación das obras de referencia.

**TERCEIRO.** Declarar que, de conformidade coa documentación e informes obrantes no expediente, quedou acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**CUARTO.** Declarar que as obras proxectadas discorren por viais de titularidade municipal, inscritos no Inventario xeral de bens do Concello, e que contan coa preceptiva autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta, de data 3 marzo de 2017, necesaria para poder levar a cabo os traballos no contorno do edificio catalogado E12.

**QUINTO.** Convocar ao redactor do proxecto para que, en cumprimento do disposto no artigo 126 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, proceda ao seu replanteo e expida a correspondente acta para a súa incorporación ao expediente de obras de referencia.

#### **5.- Rogos e preguntas.**

Non se formularon.

Sendo as 14:15 horas, e sen máis asuntos que tratar, a sra. Alcaldesa procede a levantar a sesión, do que como Secretaria dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA

María Ramallo Vázquez

Paula Costas Romero